

INFORMACIÓN PARA ALUMNADO SOBRE PROBAS DE ACCESO Á FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR

QUE SON?

Son probas dirixidas ás **persoas que non cumpran os requisitos académicos de acceso** aos ciclos medios (as de grao medio) ou aos ciclos superiores (as de grao superior).

Para concorrer é necesario ter cumpridos 17 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba (para grao medio) e 19 anos ou cumprilos no ano natural de celebración da proba (para os de grao superior).

QUE PERMITEN?

Van dirixidas a persoas que cumprindo os requisitos de idade, no teñen os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos. **Permiten acceder a ciclos.**

CANDO SE CONVOCAN?

Anualmente, entre xaneiro e abril de cada curso académico.

EN QUE CONSISTEN AS PROBAS?

As probas centranse nas competencias básicas que permitan acceder con éxito aos ciclos de grao medio ou superior.

As **probas de acceso a grao medio divídense en tres partes:**

- Parte sociolingüística: Lingua Castelá, Lingua Galega, Ciencias Sociais
- Parte matemática: Matemáticas
- Parte Científico- técnica: Ciencias da natureza, Tecnoloxía

As **probas de acceso a grao superior divídese en dúas partes:**

- Parte común: Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas
- Parte específica (elixir dúas materias nunha única opción en función do ciclo que se dexexe cursar) :
 - Opción A (Economía de empresa, Lingua extranxeira, Filosofía)
 - Opción B (Debuxo técnico, Tecnoloxía industrial, Física)
 - Opción C (Ciencias da terra e ambientais, Química e Bioloxía)

EXISTEN EXENCIONES NESTAS PRUBAS?

Si, as persoas que teñan partes aprobadas en cursos anteriores, outros estudos, certificados de profesionalidade, experiencia laboral, etc, poderán solicitar exencións totais ou parciais no momento de presentación de solicitudes de inscrición. De concederse a exención non terá que examinarse desa parte. Consultar a normativa das exencións no centro educativo o una propia convocatoria.

ONDE PODO CONSULTAR OS CONTIDOS DE REFERENCIA DAS PRUBAS?

Nesta ligazón poderás consultar os contidos de referencia e criterios de avaliación das probas de acceso a:

- ciclos de grao medio https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8512
- ciclos de grao superior https://www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/8513

ONDE PODO CONSULTAR MATERIAS DIDÁCTICOS PARA PREPARAR AS PRUBAS?

Nesta ligazón poderás consultar materiais didácticos das probas de acceso a:

- Ciclos de grao medio <https://www.edu.xunta.gal/fp/node/254>
- Ciclos de grao superior [\[SUP\] Contiods Criterios Probas Acceso \(xunta.gal\)](https://www.edu.xunta.gal/fp/node/255)

ONDE PODO CONSULTAR EXAMES DE CONVOCATORIAS ANTERIORES?

Nesta ligazón poderás consultar exames coas solución de convocatorias anteriores a:

- Ciclos de grao medio <https://www.edu.xunta.gal/fp/node/255>
- Ciclos de grao superior <https://www.edu.xunta.gal/fp/node/269/>

COMO PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA AS PRUBAS?

As solicitudes deberán presentarse de maneira telemática empregando o asistente informático disponible en:

<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/>

Tamén é posible indo a Ciclosprobas predo en “Ligazón a aplicación informática” disponible na páxina “Convocatoria 2024” dentro de “Acceso a Grao medio” ou “Acceso a grao superior” desde o menú da páxina www.edu.xunta.gal/fp/probas

PRAZO PARA PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN?

- Probas de acceso a grao medio: do 26 de febreiro ao 8 de marzo de 2024
- Probas de acceso a grao superior: do 29 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2024

CANDO SE CELEBRAN AS PROBAS:

- Grao medio: 23 de maio de 2024 ás 9:00 horass
- Grao superior: 18 de abril de 2024 ás 9:00 horas

EN QUE LUGAR TEÑEN LUGAR OS EXAMES?

Os centros onde se realizarán as probas publicaranse nos centros de inscrición e na páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/fp>,

CUALIFICACIÓNS

A cualificación de cada parte da proba será numérica, entre cero e dez puntos. A nota final calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica) e será a media das tres partes. Será positiva a cualificación de 5,00 da nota.puntos ou superior. En caso contrario a nota final será “Non apto/a”.

Non se require ter unha nota mínima nas materias de cada parte para calcular a media da nota.

No caso de ter exención nalgunha parte, a nota final será a nota da parte non exenta ou media das partes non exentas.

CERTIFICACIÓNS DA PROBA

A superación da **totalidade** da proba **ten validez indefinida**.

A superación **dalgunha parte da proba**, pero non de todas, permitirá **manter a cualificación** obtida nesa parte superada durante un **máximo de dous anos**.

Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada parte.

Os certificados de superación da proba poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

NO CASO DE TER UNHA TITULACIÓN DE TÉCNICO DE GRAO MEDIO, PODO PRESENTARME ÁS PROBAS DE ACCESO A GRAO SUPERIOR?

Non. Actualmente estar en posesión dun título de técnico de FP (LOE, LOXSE) permite o acceso directo a un ciclo de grao superior, polo que estas persoas non poden presentarse ás probas.

UNHA TITULACIÓN DE FP I (TÍTULO TÉCNICO AUXILIAR) PERMITE ACCEDER A UN CICLO SUPERIOR?

Non, neste caso as persoas que desexen acceder a un ciclo de grao superior, deberán presentarse ás proba de acceso(a ciclo superior).

*Lembra que a normativa sempre prevalece sobre calquera información. Esta páxina contén información extraída da actual normativa polo **Departamento de Información e Orientación Profesional do CIFP POLITÉCNICO DE LUGO**. Calquer dúbida ou contradición se resolverá atendendo á normativa vivente.*